

ACTA DE DO TRIBUNAL CUALIFICADOR – CONFECCIÓN DA LISTAXE COS RESULTADOS PROVISIONAIS DA CUALIFICACIÓN FINAL DO PROCESO SELECTIVO E PROPOSTA PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA A SUBSTITUCIÓN DO POSTO DE ENCARGADO/A DA BIBLIOTECA DO CONCELLO DE MEIS EN SUPOSTOS DE AUSENCIA, INCAPACIDADE E SITUACIÓNS ANÁLOGAS DA TITULAR

No Salón de Plenos do Concello de Meis, sendo as 09:00 horas do día 28 de xuño de 2024, reúnen os membros do tribunal cualificador para confeccionar unha listaxe que se utilizará para substitucións en supostos de ausencia, incapacidade e situacións análogas do titular do posto de encargado/a da biblioteca municipal, creándose unha bolsa de emprego da que formarán parte aqueles/as aspirantes que fosen seleccionados/as, con fin de cubrir ditas necesidades en casos excepcionais e de carácter urxente e inaprazable necesidade, mediante concurso-oposición, en aplicación das bases reitoras da convocatoria, aprobadas mediante Resolución da Alcaldía número 2024-0202, de data 18 de abril de 2024, cuxa convocatoria foi publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 83, do luns 29 de abril de 2024.

Estando presentes:

- Presidenta: Dna. María del Carmen Rey Romero, técnica de xestión (AEDL) do Concello de Meis.
- Secretario (con voz e sen voto): D. Roberto Carrodegas Méndez, Secretario-Interventor adxunto do Concello de Meis.
- Vogal: Dna. María de los Ángeles Fuentes Maquieira, Informadora Xuvenil do Concello de Meis.
- Vogal: Dna. María Carmen Merino Moina, Secretaria-Interventora do Concello de Meis.

Non se encontra presente Dna. Celia Frieiro Rodiño, Educadora Familiar do Concello de Meis.

A Sra. Presidenta declara constituído o Tribunal e aberto o acto. A continuación, indícase que desde o Rexistro do Concello de Meis remítese escrito de reclamación presentada pola aspirante SÁNCHEZ CABO SHEILA, con N.I.F. número ***9956**, rexistro de entrada número 2024-E-RE-789, de data 26.06.2024, no que expón *“Debido a que no me fijé en el momento de la inscripción, no adjunté adecuadamente la vida laboral, ya que como indica la convocatoria “A experiencia profesional en Administraciones Públicas acreditarase co Informe da Vida laboral expedido pola Seguridade Social”. Si bien no sé si se tendrá en cuenta, lo anexo por para salir de dudas, ya que trabajé desempeñando un amplio abanico de funciones biblioteconómicas” e solicita “que se revisen estos documentos añadidos por si cabe la posibilidad de que cuenten de alguna forma para los méritos”.*

Á vista da alegación presentada, o Tribunal considera respecto dos documentos esixidos polas bases para a valoración da experiencia que a presentación da mesma pola interesada é incompleta. A emenda posterior unicamente pode vir referida a documentos que, logo de presentar, non reúnan os requisitos establecidos nas bases. Pero a emenda non pode vir



referida a documentos que non se achegaron no momento de presentación da instancia, e quíranse achegar con posterioridade. Iso non sería unha emenda dun documento achegado, senón máis ben sería achegar nova documentación que non se presentou no prazo establecido ao efecto. Por este motivo, non cabe a emenda neste caso, e a falta de presentación da vida laboral non é subsanable e impide puntuar no concurso a experiencia da candidata.

A continuación, o Tribunal procede a confeccionar as cualificacións provisionais resultante de sumar as puntuacións outorgadas nos distintos exercicios obrigatorios e das puntuacións obtidas na fase de concurso, acadando así a puntuación total final. En virtude do resultado do proceso selectivo, o Tribunal **ACORDA**, por unanimidade:

PRIMEIRO.- Aprobar a relación provisional de aspirantes que superaron o proceso selectivo, por orde de puntuación:

	APELIDOS E NOME	DNI	FASE OPOSICIÓN	FASE CONCURSO	TOTAL PUNTOS
1	PÉREZ BUSTELO LAURA	***4300**	7,60	8,35	15,95
2	LÓPEZ MIRAGAYA BEATRIZ EUGENIA	***5872**	6,80	6,00	12,80
3	FERNÁNDEZ REGUERA RAQUEL	***8329**	6,80	3,00	9,80
4	FRAGA VIÑAS JUAN EUGENIO	***2490**	8,00	1,50	9,50
5	COSTAS MARTÍN NOA	***8756**	7,20	1,80	9,00
6	SÁNCHEZ CABO SHEILA	***9956**	6,40	2,40	8,80
7	BARREIRO FUENTES AINHOA	***8465**	6,00	1,95	7,95
8	SOTO COSTA MARTA	***5968**	5,60	1,95	7,55
9	MOTREL LEDE MARÍA DEL CANTO	***7664**	5,20	2,10	7,30
10	CALVO OUTEDA MARÍA DE LOS ÁNGELES	***6854**	5,20	1,50	6,70

De conformidade coas bases reguladoras da convocatoria da citada praza, determinada a cualificación final das persoas aspirantes, o tribunal confeccionará a listaxe cos resultados provisionais do proceso que será publicada no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica. **Contra esta listaxe, as persoas interesadas poderán formular alegacións ante o tribunal cualificador no prazo de dous (2) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da súa publicación.**

En caso de que non se efectúen alegacións no prazo anteriormente indicado, o listado coas puntuacións provisionais elevarase a definitivo.

Transcorrido o período de alegacións o tribunal elaborará as listaxes cos resultados definitivos do proceso e fará unha listaxe das persoas aprobadas, ordenada de maior a menor puntuación, que será aprobada pola Alcaldía e que servirán para efectuar os chamamentos ou contratacións temporais necesarias.

SEGUNDO.- Publicar a presente acta no taboleiro da anuncios da Sede electrónica do concello [<http://meis.sedelectronica.gal>] e na páxina web do Concello: www.meis.gal.

Sendo as 09:30 horas dáse por rematada a sesión. E para que así conste, e aos efectos oportunos, expídese a presente acta, asinándoa electrónicamente todos os presentes en proba de conformidade.

